



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Decreto avocación de competencias XGL urbanismo expediente 2024/U022/000012

Expediente: 2025/G003/000320

D^a María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das competencias que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local.

Por Resolución desta Alcaldía núm. 375/2023 do 07.07.2023 acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da competencia atribuída á Alcaldía de acordo ao disposto no artigo 21.1.q e os artigos 142 e seguinte da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O Concello de Lousame precisa proceder de xeito urgente á tramitación da licenza de obra para a construción de **VIVENDA UNIFAMILIAR illada**, no lugar de Abeixón, Parroquia de Tállara, na parcela con referencia catastral 15043E502015260001ZY, segundo o **“Proxecto básico e de execución de vivienda unifamiliar illada”**, asinado polos arquitectos Carlos M. Maneiro Muñiz (COAG 4551) e Miguel Outeiral Moledo (COAG 4738) visado polo colexio con número 2405111,2 posto que a meteoroloxía dos meses previos ao verán e as previsión posteriores ao mesmo fan necesaria o pronto inicio dos traballos.

A licenza para a construción estase a tramitar ante este concello co seguinte número de expediente:

Número expediente TEdC:

2024/U022/000012

Esta Alcaldía considera conveniente avocar para este concreto expediente de obra a competencia delegada na Xunta de Goberno Local pola imperiosa necesidade de culminar o expediente administrativo no máis breve período de tempo; tendo en conta as datas na que nos atopámos e o feito de que a celebración das sesións do órgano colexiado implican uns tempos maiores na tramitación do expediente derivado da propia convocatoria, redacción das actas, etcétera.

O artigo 43 e 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento (ROF), regulan o réxime xurídico das delegacións do Alcalde na XGL, establecendo o procedemento para efectuar unha delegación, que tamén será aplicable a calquera modificación posterior do réxime de delegacións:

- Será realizada por Decreto da Alcaldía.
- Surtirá efectos desde o día seguinte ao da data do Decreto, salvo que na propia resolución se prevexa outra cousa.
- Será publicado no Boletín Oficial da Provincia.
- Darase conte ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

En virtude do exposto, e no uso das súas competencias, esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Avocar para si o coñecemento e resolución do seguinte procedemento de licenza de obras:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Expediente TEDeC:	Obra:
2024/U022/000012	“Proxecto básico e de execución de vivienda unifamiliar illada” Fincas: 15043E502015260001ZY

Segundo: Esta resolución surtirá efectos desde o mesmo día da súa adopción, e será publicada no Boletín Oficial da Provincial, en cumprimento do artigo 44 do ROF.

Terceiro: Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local e ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

Cuarto: Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no recurso que, no seu caso, se interpoña contra a resolución que finalice o procedemento administrativo obxecto de avocación.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).